

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa dos seus deputado **Juan M. Fajardo Recouso** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos

A empresa cantoneira de Vilagarcía de Arousa, ven de executar un ERE de extinción de contratos, que supón na práctica a demolición do modelo de traballo da histórica factoría, mediante a imposición da táctica do exercicio do medo á plantilla, mediante os 56 despidos previstos, e a minoración nas condicións salariais e de traballo dos restantes traballadores.

O conxunto de traballadores acumula xa máis de 85 días de folga ininterrompida contra esta decisión empresarial, que non está avalada por ningunha condición obxectiva da empresa, quen aproveitando a reforma laboral do Partido Popular que facilita o camiño ás empresas para reducir dereitos e abaratar despidos, pretende despedir cando a empresa tivo beneficios de máis de un millón seiscientos mil euros da súa produción de cartón.

Ademais a empresa esta a utilizar tácticas francamente cuestionables durante a negociación, que a norma plantexa que debe ser de boa fe, cando introduce armas de fogo e cans de presa na factoría, ou despide e denuncia indiscriminadamente a membros da plantilla que participan nas protestas contra esta decisión empresarial.

Polo exposto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Pronunciarse a favor da continuidade do total de postos de traballo de Lantero en Vilagarcía, dadas as actuais condicións da factoría.

Segundo.- Comprometerse a comunicar a dirección da empresa o seu total apoio as reivindicacións da parte social, no relativo ao ERE plantexado pola empresa, de forma que solicita da mesma que sexa retirado e se estableza un novo proceso de negociacións coa plantilla.

Terceiro.- Que de forma inmediata se inspeccione a execución das subvencións públicas recibidas pola empresa de tal forma que se garanta o cumprimento das obrigas contempladas nas mesmas.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2015.



Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Eva Solla Fernández

Deputados do G.P. da AGE

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/01/2015 10:23:32

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/01/2015 10:23:38

Eva Solla Fernández na data 08/01/2015 10:23:45